



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua estranxeira a través da literatura infantil ou xuvenil: Francés

Materia	Lingua estranxeira a través da literatura infantil ou xuvenil: Francés			
Código	O05G110V01937			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Francés			
Departamento				
Coordinador/a	Vázquez Rodríguez, Sara			
Profesorado	Míguez Álvarez, Carla María Vázquez Rodríguez, Sara			
Correo-e	savazquez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Coñecer os xéneros da literatura infantil e as súas posibilidades en relación co ensino-aprendizaxe do francés como lingua estranxeira.			
	Materia do programa English Friendly. Os/ as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da educación infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.

B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela no estudantado.
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C43	Favorecer as capacidades de fala e de escritura.
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
C46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
C50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
C51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
C52	Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D18	Liderado
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Colaborar cos distintos sectores da comunidade educativa e do entorno social. Asumir a dimensión educadora da función docente e fomentar a educación democrática para unha cidadanía activa.	A1	B2	C49	D9
	A2	B4	C50	D13
	A3	B5	C52	D14
	A4	B6		D15
	A5	B7		
		B11		
2. Manter unha relación crítica e autónoma respecto dos saberes, os valores e as institucións sociais públicas e privadas.	A3	B4		D1
		B5		D2
		B11		D16
		B12		D20
3. Valorar a responsabilidade individual e colectiva na consecución dun futuro sostenible.				D11 D15
4. Coñecer e aplicar nas aulas as tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribua ás aprendizaxes, á formación cívica e á riqueza cultural.		B11	C43 C52	D6 D16
5. Adquirir formación literaria e familiarizarse coa literatura infantil e os seus subxéneros. Explorar a importancia da literatura infantil no desenvolvemento e a educación dos xóvenes.		B2	C43 C44 C51	D18 D20
6. Expresarse de modo creativo e lúdico nunha lingua estranxeira, oralmente e por escrito.			C43 C44 C48 C50 C51	D4 D18 D20
7. Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos apropiados e promover a competencia creativa nos estudantes.		B1	C42 C49	D1 D2 D7 D18 D21

8. Recoñecer á literatura infantil como fonte valiosa de input na lingua estranxeira, tanto para alumnos de infantil como para estudantes en formación. Adoptar a lectura de literatura infantil como estratexia permanente de aprendizaxe da lingua estranxeira.	B2 B4	D4 D18 D20
9. Desenvolver unha visión crítica dos textos de literatura infantil estudados. Chegar a unha comprensión dos valores transmitidos pola literatura infantil, que permita promover a igualdade de xénero, a equidade e o respecto aos dereitos humanos que conformen os valores da formación cidadá.	B2 B4 B5	D1 D15
10. Comprender a idea principal e o argumento de películas e de programas de radio ou televisión relacionados co ámbito da literatura infantil.		C43 D1 C44 D3 C46 D4 C48 C50
11. Comprender a descripción de acontecementos, sentimentos e desexos expresados en obras de literatura infantil.	B2 B4	C44 D1 C49 D12 C50
12. Comprender textos escritos do ámbito da literatura infantil, de diversas culturas e momentos históricos.	B4 B5	C50 D3 C51 D4 D13
13. Saber narrar unha historia ou relato, a trama dun libro ou película, e poder comunicar, elaborar e xustificar impresións e opinións derivadas de eles.		C43 D1 C44 D3 C48 D4 C49 D20
14. Ser capaz de escribir textos críticos que describan as súas impresións acerca de obras de literatura infantil.		C43 D1 C44 D3 D4 D16
15. Entender a literatura infantil e xuvenil como un estímulo para a propia creatividade e ser capaz de escribir os seus propios textos creativos correspondentes aos seus distintos subxéneros.	B2	C49 D3 C50 D4 C51 D16 D18 D21

Contidos

Tema	
1 - Introducción	I. Que é a literatura infantil? II. O uso creativo e lúdico da palabra na aula de infantil e primaria e no contexto de formación de formadores.
2 - Cancións de berce, cantos e rimas.	I. A orixe e a morfoloxía das cancións de berce. II. O uso das cancións de berce na aula de infantil e primaria.
3 - Libros infantís, historias activas, resposta física total.	I. Modelo de unidade didáctica baseada nun libro infantil. II. Exposición dunha unidade didáctica preparada polos estudantes na aula.
4 - Os cómics no mundo infantil e na aula.	I. Uso dos cómics na aula de lingua estranxeira de infantil e primaria.
5 - Os contos de fadas, as lendas folclóricas e os contos tradicionais.	I. A evolución dun conto de fadas: arcaico, tradicional, posmoderno. II. A morfoloxía dos contos. III. Escrita creativa dun conto.
6 - Poesía infantil: para os nenos ou polos nenos.	I. Trabalinguas, limericks, haikus e escritura creativa de poemas.
7- Literatura xuvenil: relatos curtos e contos de fadas posmodernos.	I. Explorando formatos tradicionais e modernos. II. Os contos en CD-Rom e na aula de informática. III. Reescritura creativa dun relato desde outra perspectiva narrativa.
8 - Literatura xuvenil: as novelas. Anticipación creativa da trama partindo do título, da cuberta etc.	I. Elección dunha novela e traballo de comprensión auditiva e lectora. II. Exposición creativa dos contidos da novela a través da dramatización e/ou actividades lúdicas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Estudo previo	0	30	30
Traballo tutelado	16	0	16
Traballo tutelado	12	22	34
Presentación	10	30	40
Prácticas con apoio das TIC	0	10	10
Prácticas de laboratorio	10	0	10
Práctica de laboratorio	2	2	4
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	3	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Estudo previo	Procura, lectura e traballo de documentación, propostas de resolución de problemas e/ou exercicios que se realizarán na aula e/ou laboratorio... de forma autónoma por parte do alumnado.
Traballo tutelado	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión da profesora. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do alumnado.
Traballo tutelado	O alumnado, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumo de lecturas, conferencias etc.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense a través das TIC de xeito autónomo.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorio de idiomas).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	O traballo que se expoña será resultado da colaboración alumnado/profesora para o correcto desenvolvemento dos procesos requiridos durante a elaboración e tamén a resolución de dúbidas durante as horas de titorías previas á exposición
Traballo tutelado	O traballo que se expoña será resultado da colaboración alumnado/profesora para o correcto desenvolvemento dos procesos requiridos durante a elaboración e tamén a resolución de dúbidas durante as horas de titorías previas á exposición

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento coas actividades autónomas do estudante.	10	A1 C42 D1 A2 C43 D2 A3 C44 D3 A4 C46 D4 A5 C48 D12 C49 D13 C50 D14 C51 D15 C52 D16 D18 D20 D21
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...Pódese levar a cabo de xeito individual ou en grupo.	30	B11 C43 D1 C44 D2 C46 D7 C48 D9 C49 D11 C50 D12 C51 D13 C52 D14 D18 D20 D21
Práctica de laboratorio	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	40	B7 C42 D1 C43 D2 C44 D4 C46 D12 C48 D13 C49 D14 C50 D16 C51 D18 C52 D20 D21

Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación continua (en francés): Realización de exercizos e actividades nas áreas de léxico, gramática, comprensión oral e escrita e produción oral e escrita.	20	C42 D1 C43 D2 C44 D4 C46 D13 C48 D14 C49 D15 C50 D16 C51 D18 C52 D20 D21
---------------------------------------	---	----	---

Outros comentarios sobre a Avaliación

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Aqueles estudantes que, por causa xustificada, NON poidan ASISTIR regularmente, deberán presentarse a unha proba escrita e a unha proba oral en francés. Estas probas versarán sobre os contidos da materia e cada unha delas puntuará o 50% da nota final.

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo 'datas exames'.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Nières-Chevrel, Isabelle, **Introduction à la littérature de jeunesse**, Didier Jeunesse, 2010
 Gourévitch, Jean-Paul, **ABCdaire illustré de la littérature jeunesse**, L'Atelier du Poisson Soluble, 2013
 Anne Godard, **La Littérature dans l'enseignement du FLE**, Didier, 2015
 Fiévet, Martine, **Littérature en classe de FLE**, CLE International, 2013
 Bonnet, Rosalinde, **Mes premières berceuses**, Editions Gründ, 2014
 Brasseur, Philippe, **1001 activités autour du livre : raconter, explorer, jouer, créer**, Casterman, 2007

Bibliografía Complementaria

- Van der Linden, Sophie, **Tout sur la littérature jeunesse : de la petite enfance aux jeunes adultes**, Gallimard Jeunesse, 2021
 Roba, Jean, **Boule & Bill**, Dupuis, 2008
 Desnos, Robert, **Chantefables et chantefleurs**, Gründ, 2014
 Bryant, Sara Cone, **El Arte de contar cuentos**, Bibl'aria, 1995

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma estranxeiro: Francés/O05G120V01904

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Sería recomendable posuír coñecementos previos, é dicir, o nivel B1 segundo o marco europeo para o estudo das linguas.